



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE OUTUBRO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES.-

-LIC/901/2020.- EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA SA, SME, MP.-
Conceder licenza de obras para ampliación da Área de Urxencias do CHUS na rúa da Cantaleta, 2 D, cun orzamento de execución material de 889.666,56 euros.

-LIC/1502/2019.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación integral e ampliación de edificio para dúas vivendas no edificio situado na rúa Pitelos, 2.

-LIC/328/2020.- CD CONSTRUCCION, REHABILITACIÓN Y REFORMAS, S. L.U.-
Conceder licenza para executar obras de instalación dun ascensor no edificio situado na rúa García Lorca, 6.

OUTRAS PROPOSTAS

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a autorización da devolución da garantía depositada por O COMBARRO S.C.G.V. (por importe de 13.637,86 euros) para responder das obras de reparación do entorno das parcelas 4B2-4B3 no Proxecto de Urbanización do SUNP-13 Estrada da Estrada. Acórdase autorizar a devolución da garantía depositada, consistente nun depósito en metálico por importe de 13.637,86 euros, despois de comprobar o certificado final de obras, a acta de recepción e o informe do Xefe do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo do IGVS, no que se conclúe que “non constan reclamacións por vicios relativos a este contrato”.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento de subvencións ao abeiro da convocatoria de 19.10.18, das fases 4 (remanente da convocatoria 2016) e 5, da área de rehabilitación integral dos grupos de vivendas COMPOSTELA e CARDEAL QUIROGA PALACIOS, do barrio de Pontepedriña. Acórdase:

- Denegar axuda pública solicitada polos interesados do CCPP Portomarín 3 (expediente nº PP/2/2018) e CCPP Portomarín 2 (expediente nº PP/32/2018), por incumprimento do requisito esixido na base 16.A da convocatoria, isto é, non ter solicitado licenza ou comunicación previa das obras.

- Non conceder a axuda pública solicitada por desistencia dos interesados do CCPP León 4 (expediente nº PP/4/2018), debido a que non emendaron tal coma se lle requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención.
- Repoñer crédito orzamentario dispoñible de 330.218 euros nos seguintes proxectos de gasto: 33.308 euros en 2016/2/PONTE 4, que inclúe 22 actuacións; e 296.910 euros en 2018/2/PONTE 5, que inclúe 16 actuacións; todas elas tamén de rehabilitación integral, para resolver problemas de mobilidade ou accesibilidade, eficiencia enerxética, etc.

7.- Proposta da alcaldía relativa á convalidación de gastos de contratos menores. Acórdase a convalidación de varias facturas de servizos e subministrados, por importe de 33.826,69 euros, correspondentes á relación contable S/2020/230.

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Ampliación de rede de Abastecemento nos Lugares de A Susana e Marrozos, incluída no FES 2010". Apróbase a subsanación do acordo número 8 da Xunta de Goberno do 21 de setembro de 2020, relativo á "devolución da citada fianza. Onde di: "Aprobar a devolución da fianza constituída pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA), por importe de 12.929,78 euros (Avalista: Caixa Galicia)"; debería dicir: "Aprobar a devolución da fianza constituída pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA), por importe de 12.929,78 euros (Avalista: Banco Bilbao Vizcaya Argentaria SA)"

9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2020/2021. Acórdase aprobar a proposta de resolución definitiva da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor (por escaseza de recursos e por conciliación), e adquisición de material escolar nas modalidades de escaseza de recursos e na de conciliación.

- **Escaseza recursos.**
 - **Bolsas de comedor.** Presentáronse 584 expedientes. **Concedéronse becas para 563 nenos e nenas**, un 10,39% máis que o ano pasado, cando se beneficiaron 510 escolares. **Non hai lista de agarda.** Estas becas teñen unha contía de ata un máximo de 90 euros ao mes.
 - **Material Escolar.** Concedéronse becas a 277 nenos e nenas. Estas becas teñen unha contía de 60 euros, nun pago único.
- **Conciliación.** Na modalidade de conciliación **concedéronse becas para 100 nenos e nenas**, vinte máis que o ano pasado, cando se beneficiaron 80 escolares. Hai unha lista de agarda de 14 nenos e nenas. Estas becas teñen unha contía de ata un máximo de 45 euros ao mes.

As concesións que se aproban para o curso 2020/2021, ascenden a 600.900,4 euros, e non superan o crédito dispoñible para a convocatoria, que é de 620.000 euros (245.480 para a anualidade 2020 e 374.520 para a de 2021).

10.- Proposta da alcaldía relativa á resolución complementaria da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local. PROGRAMA COIDAR PARA MELLORAR. 2020. O acordó de Xunta de Goberno do 21 de setembro, resolveu a concesión de varias axudas dentro da convocatoria de referencia, declarándose

susceptibles de seren beneficiarias varias persoas solicitantes, que inicialmente quedaron en agarda, e ás que se concedía un prazo de dez días par achegaren a documentación solicitada. Agora, a Xunta de Goberno acordou conceder as axudas para a mellora e innovación do comercio local do programa “Coidar para mellorar” anualidade 2020, a 5 solicitudes (dous da liña A, e 3 da liña B) por importe de 4.255,27 euros; e denégase a outras cinco solicitudes ao considerar que desisten do seu pedimento por non presentar a documentación acreditativa esixida.

11.- Dar conta polo concelleiro delegado de Festas da sinatura do convenio entre o concello de Santiago, a Axencia de TURISMO DE GALICIA e ABANCA para a celebración das festas do Apóstolo 2020. Dase conta do convenio mediante o cal se recibe unha achega da Axencia de Turismo de Galicia de 40.000 euros en concepto de “axudas a festas de interese turístico”; e outra de 10.000 euros de ABANCA en concepto de patrocinio. Estas cantidades destínanse á financiación da actividade de Cinema no parque, o espectáculo de pirotecnia, e distintos concertos, incluídos os palcos; que entre todas teñen un custe total de 97.700 euros, IVE incluído.

12.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación para a promoción social e inserción laboral PLATAFORMA POLO EMPREGO, 2020. Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 12.000 euros destinados á realización de distintas actividades con poboación inmigrante ou emigrantes retornados do concello de Santiago de Compostela; como titorías individuais, formación, obradoiros, festival intercultural e distintos encontros.

13.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación MÉDICOS DO MUNDO, 2020. Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 10.000 euros destinados ao programa de actividades para a poboación inmigrante e retornada do concello de Santiago denominado: “Proxecto de migracións, mobilidade e dereito á saúde na crise COVID-19: achegamento ao sistema sanitario para persoas migrantes desde unha perspectiva de Dereitos Humanos e de xénero.

14.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Coordinadora galega de ONGS, 2020. Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 15.000 euros destinados a subvencionar o proxecto Compostela + Solidaria, un conxunto de actividades que teñen por obxectivo fomentar a reflexión sobre as realidades migratorias pondeo en valor a interculturalidade, ao tempo que promove a corresponsabilidade social; com programas como Cineforum Cultural, a exposición “Tecedoras do cambio” ou as feiras “Alternativas contra o cambio climático”, ou feira de Comercio Con-Sentido.

15.- Dar conta pola concelleira delegada de Acción Cultural do convenio entre o Concello e o Padroado da CASA DA TROIA 2020. Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 5.000 euros destinados a subvencionar gastos derivados das diferentes actividades culturais exposicións programadas na Casa da Troia, dende o 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2020.

16.- Dar conta pola concelleira delegada de Acción Cultural do convenio entre o Concello e o MUSEO DO POBO GALEGO 2020. Dase conta do citado convenio, no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 30.000 euros destinados a subvencionar os gastos derivados das diferentes actividades culturais exposicións programadas polo museo dende o 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2020.

17.- Propostas da alcaldía relativas a execución de sentenzas. Acórdase a:

- Execución da sentenza 141/2019 do 17 de xuño de 2019, e proceder a efectuar o pagamento de 50.296,21 euros a ROIBÁS Y GONZÁLEZ CONCHEIRO 4 UTE, sen prexuízo dos intereses xudiciais e custas de execución cando sexan liquidados. Esta cantidade corresponde á factura F/2017/4291, en concepto de servizos de asistencia xurídica, devolta por non indicar o exercicio de imputación do procedemento e pola inclusión de conceptos (procedementos xudiciais) improcedentes ou incorrectamente identificados.
- Execución da sentenza 5/2019 do 10 de xaneiro de 2019, e proceder a efectuar o pagamento de 66.330,92 euros (52.255,41 correspondente ao principal e 14.075,51 a xuros de demora) a ROIBÁS Y GONZÁLEZ CONCHEIRO 4 UTE, sen prexuízo dos intereses xudiciais e custas de execución cando sexan liquidados. Esta cantidade corresponde á factura F/2017/4141, en concepto de servizos de asistencia xurídica, devolta por non indicar o exercicio de imputación do procedemento e pola inclusión de conceptos (procedementos xudiciais) improcedentes ou incorrectamente identificados.
- Execución da sentenza 97/2019 do 3 de abril de 2019, e proceder a efectuar o pagamento de 62.048,3992 euros (48.890,88 correspondente ao principal e 13.157,51 a xuros de demora) a ROIBÁS Y GONZÁLEZ CONCHEIRO 4 UTE, sen prexuízo dos intereses xudiciais e custas de execución cando sexan liquidados. Esta cantidade corresponde á factura F/2017/4287, en concepto de servizos de asistencia xurídica, devolta por non indicar o exercicio de imputación do procedemento e pola inclusión de conceptos (procedementos xudiciais) improcedentes ou incorrectamente identificados.
- Execución da sentenza 323/2019 do 30 de decembro de 2019, e proceder a efectuar o pagamento de 60.074,18 euros (47.335,31 correspondente ao principal e 12.738,87 a xuros de demora) a ROIBÁS Y GONZÁLEZ CONCHEIRO 4 UTE, sen prexuízo dos intereses xudiciais e custas de execución cando sexan liquidados. Esta cantidade corresponde á factura F/2017/429841, en concepto de servizos de asistencia xurídica, devolta por non indicar o exercicio de imputación do procedemento e pola inclusión de conceptos (procedementos xudiciais) improcedentes ou incorrectamente identificados.

18.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.